O 8 de novembro de 2021 tivo entrada na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA) un escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante o que se solicita a este centro directivo a emisión de informe en relación co anteproxecto de lei de áreas empresariais de Galicia. O devandito escrito viña acompañado da memoria xustificativa, da memoria económica-financeira e dunha memoria complementaria.

Atendendo á solicitude formulada, tendo en conta o disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA), e en base ás competencias que lle confire o artigo 22 do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro), a DXARA emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO.- Constitúe o obxecto do anteproxecto de lei que se informa regular a planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais de interese autonómico, o fomento do acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica, a xestión e a conservación das áreas empresariais de Galicia e a condición de concello emprendedor.

SEGUNDO.- O anteproxecto de lei cuxo texto se somete a informe consta de 100 artigos, agrupados en sete títulos, seis disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria única e catro disposicións derradeiras.

Esta norma vén xustificada pola necesidade de dotar dunha regulación máis completa ás áreas empresariais, que combine o respecto ao principio do desenvolvemento territorial sustentable co fomento da actividade económica na comunidade autónoma, unha vez que se tivo en conta a experiencia da aplicación do título I da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, así como o novo réxime xurídico

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: VgvQ3Q0qX8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

dos instrumentos de ordenación do territorio establecido pola Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

TERCEIRO.- O título I recolle unha serie de disposicións xerais, como son a definición do obxecto xeral da lei, a delimitación do seu ámbito de aplicación, as definicións de solo empresarial e de área empresarial, os principios inspiradores da regulación das áreas empresariais galegas e a regulación do Censo de solo empresarial de Galicia, que xa se creara pola Lei 5/2017, do 19 de outubro.

O título II adícase á planificación e ordenación de áreas empresariais e, dentro deste, o capítulo I recolle unha serie de disposicións xerais, o capítulo II o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia e o capítulo III os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial.

O título III regula o desenvolvemento e execución de áreas empresariais de promoción pública e dentro deste o capítulo I adícase a disposicións xerais, o capítulo II aos proxectos de delimitación de fases de urbanización, o capítulo III aos proxectos de desenvolvemento e urbanización, o capítulo IV aos proxectos de urbanización, o capítulo V aos proxectos de parcelamento e o capítulo VI aos estudos de detalle.

O título IV contempla o acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica.

O título V adícase á xestión e conservación das áreas empresariais e dentro deste o capítulo I regula unha serie de disposicións xerais e o capítulo II as entidades de conservación de áreas empresariais.

O título VI refírese aos concellos emprendedores.

E, por último, o Título VII regula o réxime sancionador.

CVE: VgvQ3Q0qX8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO.- O artigo 42.7 da LOFAXGA, incardinado no Capítulo II, referido ao procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, establece:

> *"7. De tratarse de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirirase o informe favorable da consellaría, ou das consellarías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público."*

QUINTO.- Contémplanse, entre outros, os seguintes procedementos administrativos:

-Procedemento de aprobación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (sección 2ª do capítulo II do título II).

-Procedemento de modificacións substanciais do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (artigo 27).

-Procedemento de modificación non susbtanciais do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (artigo 28).

-Procedemento de aprobación dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial (sección 3ª do capítulo III do título II).

-Procedemento de aprobación das modificacións substanciais dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial (que aprobaranse polo mesmo procedemento que rexe a aprobación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia).

-Procedemento de aprobación das modificacións non susbtanciais dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial (que aprobaranse polo procedemento do artigo 38).

-Procedemento de aprobación do proxecto de delimitación de fases de urbanización (artigo 51).

-Procedemento de aprobación dos proxectos de desenvolvemento e urbanización de competencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria (artigo 58).

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: VgvQ3Q0qX8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-Procedemento de aprobación dos proxectos de desenvolvemento e urbanización de competencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo sometidos a avaliación de impacto ambiental simplificada (artigo 59).

-Procedemento de aprobación dos proxectos de urbanización (artigo 64 que remite ao procedemento de aprobación dos proxectos de desenvolvemento e urbanización).

-Procedemento de aprobación dos proxectos de parcelamento (artigo 69).

-Procedemento de aprobación dos estudos de detalle (artigo 73).

A regulación dos devanditos procedementos valórase como axeitada na medida en que neles se reducen barreiras normativas e administrativas, en coherencia co disposto na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o que en definitiva redunda nunha Administración autonómica máis moderna na que exista unha xestión máis áxil e eficiente.

SEXTO.- Así mesmo, a norma prevé que algúns instrumentos de ordenación e de desenvolvemento e execución inicialmente aprobados se sometan ao trámite de información pública mediante a súa publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia (artigos 28.7, 38.6, 58.2 e 59.3).

SÉTIMO.- Aínda que no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establécese que a duración determinada dos convenios non pode ser superior a catro anos, tamén se establece a excepción de que normativamente se prevexa un prazo superior, tal e como sucede neste caso nos artigos 9.3 (respecto dos convenios de cooperación entre administracións públicas para o desenvolvemento de solo empresarial) e 80.3 (respecto dos convenios para a mellora de infraestruturas, equipamento, dotacións e servizos nas áreas empresariais) que recollen un prazo non superior a dez anos prorrogable por outros dez anos adicionais, o cal enténdese xustificado na complexidade das actuacións de solo empresarial contempladas na lei.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: VgvQ3Q0qX8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

OITAVO.- Por último procede indicar unha mellora puntual no texto obxecto de informe: suxírese cambiar a redacción do artigo 16.1 por considerar que induce a erro xa que a través da sección de información pública do Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia se pode acceder as páxinas web das consellerías, non á sede electrónica.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, sen prexuízo do disposto no apartado oitavo, emite **INFORME FAVORABLE** ao anteproxecto de lei de áreas empresariais de Galicia.

O director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe

Asinado por: OITAVÉN BARCALA, JESÚS
Cargo: Director Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
Data e hora: 15/11/2021 17:00:27

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

CVE: VgvQ3Q0qX8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve